

Goberno da
Coruña e Marea
Atlántica
concretan os
acordos
acadados



Páxina 10

As obras para a
depuradora de
augas residuais
en Viveiro en
licitación



Páxina 13

Centro de
produción de
ovas de troita
en Baleira



Páxina 14

O Pereiro de
Aguiar terá
Centro de
Información á
Muller



Páxina 17



"12 doces do outono" nos centros socioculturais de Santiago

Páxina 6

Entrevista



Lucía Canoura, "Lugar das Mariás",
A Rigueira, Xove

"O importante é que as aldeas cobren vida"

Páxina 5

CONFITERIA

Regino

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Especialidade en
rosquillas e melindres



Rúa Reveriano Soutullo, Pontareas

986 640 834

Opinión

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

A resposta galega

Analisábamnos hai poucos días a absoluta irresponsabilidade e falla de utilidade da esquerda española. Velaí a maioría progresista dende decembro de 2015 que non foi quen nin de derrogar a lei “mordaza”, nin a grave restrición da autonomía local da Lei de modernización dos gobernos locais nin a recentralización e xentrificación da educación da Lei Wert.

Arestora ficou claro dabondo. Como cantaban os nosos veciños asturianos Los Berrones a esquerda española (PSOE e UP, que na Galicia preséntase baixo a bifronte fórmula Tone Gómez-Reino/Yolanda Díaz como Galicia en

Común) nin sabe, nin vale, nin quere. Como ven de escribir o noso notábel economista e literato Marcelino F. Mallo, a inoperante esquerda española emite a mensaxe da súa incapacidade de acordo para gobernar, amosando que esta función no Estado só a pode desenvolver o bloque da dereita tripartita. Unha dereita tripartita hoxendía minoritaria na contaxe dos votos estatais por mor da súa relativa derrota na Galicia, Euskadi, Navarra, Catalunya, País Valencià, Illes Balears ou Canarias mais que podería gañar en novembro no conxunto do Estado dacabalo da previsíbel desmobilización do electorado progresista e da xa evidente decelera-

ción económica.

No contexto moi probábel da volta ás urnas a inutilidade e irresponsabilidade da esquerda española e máis a desmobilización do seu electorado abrírianlle unha pequena fiestra de oportunidade ao galeguismo para se presentar como a alternativa útil e recuperar a súa presenza no Congreso estatal. Para ilo precisa de unidade, de intelixencia e de xenerosidade. Os resultados electorais do 28-A definiron neste eido unha nidia hexemonía do BNG e, ao mellor, deixaron fóra de xogo aquela coalición nacional á corsa que constituía a solución acaída para gañar a representación na última primavera. Mais, de calquera xeito, a fronte soberanista habería de se decatar que precisa da achega dos milleiros de soberanistas que habitan alén dos seus muros. E eses milleiros

que, polo menos para concorrer ás eleccións estatais, o BNG ha xogar un rol central, malia que non exclusivo nin excluín-te.

Para poder acadar os votos precisos, ilusionando onde a esquerda española desilusionou, o soberanismo habería definir unha mensaxe clara e sinxela, que fose quen de sumar e seducir ducias de milleiros. Mensaxe alicerzada na defensa dos intereses económicos galegos e das políticas sociais a prol das maiorías, na restauración das liberdades e mellora da calidade democrática e institucional e na reversión da recentralización para acadarmos máis autogoberno, máis e mellor financiamento autonómico e, xa que logo, máis benestar.



Os dereitos na diversidade funcional.

Galicia está a fallar como sociedade do benestar en varios eidos. Mais o fracaso na garantía real dos dereitos das persoas con diversidade funcional (o que aínda moitas chaman desaxeladamente “discapacidade”) é grave abondo como para nos cuestionar abertamente o que se está a facer pola Xunta e demais Administracións competentes.

As persoas con diversidade funcional no noso País non teñen garantidos ningún dos seus dereitos á mobilidade,

á autonomía persoal, á intimidade, á educación e ao traballo. Barreiras arquitectónicas a eito, mesmo en facultades universitarias, transportes públicos e establecementos hostaleiros. Falla de apoio e de entendemento ás limitacións de saúde destas persoas e esixencias de presencialidade que dificultan extraordinariamente non só a obtención de títulos oficiais, senón mesmo o acceso ao ensino regrado. Paternalismos nas Institucións e mesmo nas familias e pensións de fame que negan unha vida autónoma e dificultan

a intimidade e a sexualidade. Falla dunha política de cotas eficaz para o acceso destas persoas ao emprego público. Desleixo e negligencia da Xunta na súa política de centros especiais de emprego, como amosou a noxenta liquidación do C.E.E. de Aspanas Termal, en Ourense.

Resolvermos estes problemas esixe recursos. Trátase, como defende o colectivo de persoas con diversidade funcional VIGALICIA, de superarmos o modelo médico da discapacidade, superarmos a visión social destas persoas como “seres defectuosos e especiais merecentes de caridade”. O eixo central das políticas neste eido ha ser, xa que logo, a garantía plena do dereito á asistencia persoal como chave da autonomía. Conlevaría, dende logo, moitos recursos, mais

moitos deles poderían derivarse do grande gasto en institucionalizar en residencias estas persoas, na meirande parte dos casos en claro prexuízo das súas psibilidades de autonomía persoal e integración social.

Din tamén dende VIGALICIA que non existiu nunca sociedade que arruinase a súa riqueza integrando as persoas con diversidade funcional. Porque os recursos investidos neste eido sempre xeran retorno económico (dinamización produtiva, novos nichos de emprego, aproveitamento das capacidades laborais destas persoas), mais sobre todo social.

Porque garantir a igualdade das persoas con diversidade funcional é unha cuestión de dereitos humanos e de exercicio dos valores democráticos que fan posíbel a convivencia.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho.

MADRID: –Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hemanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015





Por: Guillermo Rodríguez

Director

Que futuro nos espera?

Namentres os partidos políticos que nos levan a unhas... cantas? Eleccións e non nos dean máis datos sobre o que pretendan facer nesta ocasión cos nosos votos, atrevome a facerlles partícipes das miñas lecturas, alguna xa moi antigas, e outras máis recentes para que non sexa todo política e nos adegamos a facer traballar máis o maxin.

Seguro que todos vdes. escoitaron falar dun tal Aldous Huxley que a primeiros do século pasado nos ofrecía un libro titulado “Un mundo feliz”. A novela comenza cando uns estudantes visitan unha central de condicionamento de Londres. Alí un científico móstralles a técnica da reprodución artificial pola que comprenden que a organización da sociedade xa vén determinada polo nacemento. O Estado Mundial manipula a reprodución para garantir as persoas perfectamente adaptadas a súa posición social, designadas con letras do alfabeto grego dende os ALFA, destinados a ser xefes (tal vez de aí proceda o de “macho alfa”) ata os Épsilons que se van encargar das tarefas máis perigosas e repetitivas. Por medio de varios personaxes vains presentando o futuro dunha sociedade que o propio Huxley ataca, a sociedade consumista e capitalista. Na novela o fundador lexendario da sociedade foi Henry Ford, fabricante de coches; de feito Ford é o deus desta sociedade. A letra T (unha referencia ao Modelo T de Ford) reemprazou a Cruz cristiá coma un símbolo casi relixioso.

O libro ataca a produción da ensamblaxe en liña como humillante, a liberación da moral sexual califacándoa como afrenta contra o amor e a familia; o concepto de goberno centralizado ou o uso da ciencia para controlar os pensamentos e as accións da xente.

Anos máis tarde aparece outro libro que se chama “George Orwell:1984” (versión en castelán da orixinal en inglés).

Aquí xa se dá un paso adiante importante. “1984”, que así acaba sendo coñecido o libro, sitúa a acción nun Estado totalitario. O Poder é o valor máis absoluto e único. Para conquistalo nada existe no mundo que non deba ser sacrificado. Unha vez conseguido nada queda de importante na vida a

non ser a vontade de conservalo a calquera prezo. A despiadada vixilancia deste Superestado chegou a apoderarse da vida e da conciencia dos seus súbditos, intervindo, sobre todo, na esfera máis íntima dos sentimentos humanos. Todo está controlado pola figura omnipresente do Gran Irmán; o xefe que todo o ve, todo o escoita e todo o dispón.

Nun principio parece que o protagonista tratara de rebelarse contra esta situación, contra este Poder monstruoso, pero finalmente remata



atrapado nesta engranaxe onnipresente e cruel.

Finalmente falareilles dun libro editado este mesmo ano que remata o tema, ou polo menos o completa dunha maneira asombrosa. Estamos a falar de “Ciberleviatán” de José María Lasalle.

Aquí trata de asulagarnos na realidade virtual onde a idea ilustrada que sustentaba a democracia é substituída por un novo paradigma de liberdade asistida. Vén a dicirnos que unha ditadura dixital se proxecta no horizonte; un Ciberleviatán que chegou para instaurar un tecnopoder de grandes corporacións. Que EE.UU. e China están librando una terceira guerra mundial arredor da intelixencia artificial, a robótica e o resto das tecnoloxías exponenciais.

A única alternativa ao Ciberleviatán, asegura, sería una sublevación liberal que promulgue un pacto entre a técnica e a humanidade. Un acordo que

subordine a tecnoloxía a un novo humanismo baseado en dereitos dixitais e propiedade sobre os datos nunha república dixital global que sexa quen de controlar a vontade de poder da técnica. Que só Europa estaría en condicións de liderar este cambio.

Na introdución do libro Enrique Krauze afirma que o autor, como un Orwell do século XXI, comprendeu as novas dimensións do Grande Irmán nesta era vertixinosa e atroz. Ciberleviatán, asegura, fala dunha nova e descoñecida ditadura que se vislumbra

nun futuro próximo, unha variante do totalitarismo que apenas imaxinaron os autores do século XX.

O libro, como é habitual, divídese en capítulos. O que denomina “Liberdade asistida” dinos que coa transformación dixital o ser humano experimenta un proceso de resignificación. Está cambiando a súa maneira de vivir como tal. Que someterse á xurisdición da técnica introduce cambios profundos na psicoloxía humana que, ademais de alterar a nosa subxetividade, modifica os fundamentos mesmos da liberdade. Esta alteración provoca que esteamos pasando dunha liberdade responsable a outra asistida. Un despotismo algorítmico está voltando aos seres humanos a unha nova minoría de idade que desanda a tradición liberal do coñecemento que propiciou o pensamento ilustrado co famoso principio kantiano de “Sapere aude”, ou “Atrévete a pensar”.

Asistidos permanentemente pola

técnica, os seres humanos son programados a través dunha especie de borracheira dixital ou euforia electrónica. Camiñamos cara a necesidade dunha liberdade asistida. Para conseguilo está en marcha un despliegue dixital arredor da humanidade conectada a un entramado de aplicación de procesamento masivo de datos que, ademais de saber todo sobre cada un de nós, diríxenos cara a que decisión adoptar dacordo coa información que posúe sobre a pegada dos nosos desexos, decisión e opinión que fomos deixando en internet.

Reproducindo aquela frase de Lenin, “a liberdade para qué?”, a revolución dixital podería estar dicíndonos algo parecido. Faino cun deseño algorítmico que propón para asistir á liberdade humana.

A utopía e o determinismo voltan ás andadas. Baixo este paraugas esténdese a idea de que, mediante a IA e o resto das tecnoloxías exponenciais, se pode gobernar a humanidade de forma máis rápida, intelixente e proveitosa.

En próximas entregas fareilles partícipes das miñas lecturas sobre este apasionante e perigoso mundo dixital que todos estamos abrazando sen decatarnos de onde nos vai levar.

Para rematar, e sen menoscabo de que volte sobre o tema político antes das vindeiras eleccións, quixera deixar aquí una pregunta: na disputa política destes días está sobre a mesa o noso futuro dixital? Están as mentes preclaras dos nosos políticos preocupados por estes temas dos que nos fala José M^a Lasalle?

Escoitamos os responsables de educación falar de que os nosos estudantes teñen que asulagarse totalmente no dominio das novas tecnoloxías. Que os profesores non teñen que explicar conceptos soamente adestralos no manexo dixital. O estudo da filosofía ou das ciencias humanas xa non se leva. Agora só se precisan máquinas humanas que non fallen. Robots humanos que en compañía dos robots tecnolóxicos van dirixir o mundo. Que mundo será ese? A min xa non me vai coller de cheo. Eu morrerei lendo a Sócrates, Kant ou Aristóteles.

Saúdos, que vdes. O pasen ben, pero non dixitalmente.

Opinión

Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero.

A Sanidade pública xa non é o que era

Cheguei a Compostela ás 10,20 da mañá, a cita era ás 10, 30 no Clínico. Non hai onde deixar o coche, aparco como poido e correndo entro, en Información ninguén. Busco, mirando nos cadros, o lugar de referencia. Atópoo. Unha enfermeira, que está ela soa, no mostrador atende a pantalla do ordenador e cando repara en min, que me fago notar, pídeme desculpas e –pasados dez minutos- indícame a Sala de Espera. Lentitude, mala cara, poucos sitios para sentar. Pregunto a alguén que viste de verde, malos modos e respostas de cabreo. Nunha columna un letreiro di: “Eu apúntome ao bo trato”. E quédome coa copla e coa mensaxe. Non saben ler ou non len os letreiros que poñen. Alguén de verde volve dicirme que debo aguantar e ter calma, a iso das 12 e media, pretendo razoar e volta cos malos modos, entón sinalo o letreiro e marchan moito máis enfadados e con ollos perforadores que me cospen odios. Lentitude, esperas eternas. Vexo que hai que cambiarse e poñer un batín tipo camisola desas

translúcidas que atan atrás e deixan o cu ao “ventimperio” absoluto, pero mándano facer nun servizo de urxentes necesidades que, por riba, non ten pecho. Danche unha bolsa para meter a túa roupa e que alguén cha garde mentres entras. Unha feira. Que modos



e maneiras! Protesto polo detalle. Indícanme que non teñen outro sitio. Dígolles que non é certo, que hai unha habitación libre e con obxectos persoais, desocupada e sen vontade de ocupar. Novamente malas caras e ver-

bas doentes, entre os beizos. É a unha do mediodía. Sigo esperando e impacientándome. Ninguén informa. A xente que chegou antes, entra lentamente. Saen de “Cirurxía ambulatoria” medio apapanostiados aínda da anestesia ou dos fortes analxésicos, non sei. Un que sae e cambiando a roupa, no servizo das necesidades, palidece e perde o sentido. Veñen cunha padiola que non baixa ben, o señor ao que lle ían subir as pernas e baixar a cabeza, queda –

porque o cabeceiro non baixa- coa cabeza en alto e as pernas en alto, nunha moi difícil posición. De súpeto un exército de xente de verde, médicos, fonendos, máscaras baixadas, páranse as consultas. Novo dispendio de tempos. No medio alguén, dúas persoas, veñen falar con alguén de verde a quen invitan a un congreso, e acepta. Nova demora. Mira por onde, con eses que invitan puxeron boa cara e mesmo sorriron. Son as 13,30 e agardo. A Sanidade

Pública ten moitas excepcións do seu bo funcionamento. Ou, quizais, sexa que xa non é o que era. Tivo tempos mellores, pero con iso dos recortes quedou nun resume ou mala copia do que puido ser. Hoxe aínda non é o que era.

Pasa o tempo, van en grupos, todos de verde. Non levan présa. Eu agardo aínda máis. Desespero e mordo o meu



vinagre na Sala de Espera. Xa lin todo canto alí había, a Sanidade Pública xa non é o que era. Xornais vellos, propaganda, revistas e folletos. Só hai unha muller atenta, que chama aos que teñen que se vestir coa camisola longa, antes de entrar. E anque berra, ela tamén desespera polo folión de xente que protesta. Non hai dereito perder toda a mañá, cando teñen convocado para as 10,30 e son case as 14 horas. Un señor sae falar por teléfono con alguén e dille que ten para un rato aínda. Outra persoa de verde rifa con el, non debe falar por teléfono no corredor. O señor que viu a miña escena de antes, cóllea do brazo e –sen dicirlle nada- sinala tamén o seu propio letreiro: “Eu apúntome ao bo trato”. Aínda así, marcha rabuñando nas paredes! Seguen a pasar en grupos, vestidos de verde, con altiva solvencia e ímpetos un tanto soberbios. A última hora entrei e consultáronme. Todo ben, grazas. Aínda quedaba alí xente mordendo freo.

Nemésio Barxa

Democracia e eleccións. Galiza no espello

Havemos falar das autonómicas, mas primeiro vem a repetición nas estatais. E a imperiosa necesidade de que Galiza tenha representación no Congreso, que não fique de novo sem voz, sem ninguém que exponha carencias, razões e reivindicações. Teremos que propugnar o voto útil; naturalmente o voto útil para Galiza, que não é o dos partidos centralistas, ala eles com suas lideiras. E o voto útil quer dizer que os nacionalistas deveremos concentrar nossos votos numa única proposta: Galiza.

Quando pasemos ás autonómicas já veremos se há opções viáveis na direita, na esquerda ou no centro, sempre em clave de país. Mas hoje temos que unir forças para conseguir uma voz forte na política estatal. Na atualidade, ainda que no setor da esquerda progressista e mais socializante, o único grupo nacio-

nalista que aglutina mais consenso e que desde seu início manteve a fidelidade ao soberanismo galego, segue a ser o BNG; algum dia, e penso já é urgente, teríamos que analisar, para pôr remédio, a escassa representatividade que na direita tem o nacionalismo galego e que vultos da cultura galega ou gentes do comum sejam submissos ao ninguneio e desprezo a que sometem Galiza os partidos centralistas, também de esquerdas, aos que outorgam seu voto; mas no momento atual, e na presente conjuntura, o que importa é Galiza num Congresso no que os representantes que os partidos centralistas obtenham em Galiza vão falar ou votar em clave das instruções que recebam da direção do partido centralista de que dependam, não do que seja bom para Galiza, como já temos comprovado a través de quarenta anos de “democracia”.

Polo tanto desde aqui encorajaria a todos os partidos ou grupos de sentimento nacionalista galego ou simplesmente galeguista que reforcem com seu voto a candidatura que apresente o BNG. Há algo mais de um mês leia no diário Ara a Pep Guardiola manifestado que o ofendia que os partidos independentistas catalães não viajam juntos na luta contra o centralismo; do mesmo jeito eu lamento profundamente que a base política soberanista de este país possa concorrer á próxima consulta dividida ou unida a opções claramente espanholistas. Também a todos os galegos, ou vizinhos, de coração galego e que pensam que a dignidade de país exige votar em clave de país a representantes que não fiquem sometidos a critérios de fora, para que escolham a papeleta representativa da dignidade e da coerência nacional, a do BNG. Terá o efeito de haver depositado o único voto útil para Galiza, e para os que votaram noutras eleições a partidos centralistas liberá-los das dúvidas de si

devem repetir o mesmo candidato, mudar para outras opções ou abster-se; com toda seguridade votará a candi-



dato que cecais não chegou a votar com anterioridade e, em todo caso, a candidato que nada teve que ver no guinhol montado na legislatura que remata sobre alianças, desconfianças, insônia, oferta e retirada de ministérios, posturas numantinas fronte a qualquer proposta de diálogo,, baile da tanto esquecida yenca, com o esquerda, esquerda, direita nas ofertas de pactos; vai votar um candidato cuja única dependência é da nação galega.

Nos tempos em que andamos de demonização do nacionalismo resulta conveniente demonstrar a pacífica militância ideológica, nesta oportunidade enchendo as urnas de papeletas galegas. Vote-mos em galego. Vote-mos por Galiza.

Quinta do Limoeiro, setembro do 2.019.

Por MONCHO MARIÑO

Lucía Canoura, "Lugar das Mariás", A Rigueira, Xove

"O importante é que as aldeas cobren vida"

Lucía Canoura naceu en Viveiro, aínda que a familia procedía da parroquia da Rigueira, Xove. Alí está materializando o seu proxecto de vida, unha casa turística temática. As mulleres serán as protagonistas do establecemento poñéndolle nome aos diferentes cuartos. Por outra parte, a idea de crear e fixar emprego nunha zona rural que estaba quedando baleira, tamén é outro pilar importante dentro desta iniciativa.

-Describe o Lugar das Mariás, que quere mostrar este proxecto?

O "Lugar das Mariás" é un proxecto moi persoal. Naceu hai xa doce anos na miña cabeza, cando os meus pais pensaron en restaurar e levantar a casa. Eu pensara en como se podería transformar todo iso nun proxecto empresarial cunha dimensión cultural. Así que pensei nunha hospedaxe temática, para iso documenteime e hai tres anos puxen isto en marcha.

-Foi difícil?

Economicamente é un proxecto bastante grande. Encontrei unha liña de axudas a través de AGADER, para proxectos dentro do rural, sobre todo produtivos. Así que preparei a documentación, e tiven sorte de ter ese co-financiamento. Un dos puntos para a concesión das axudas foi crear emprego.

-Cal é a parte produtiva do Lugar das Mariás?

Está pensado como un hostel para crear sector, pois estamos nun concello onde non existe equipo hoteleiro deste tipo, en

tal caso, hai vivendas turísticas. Cada cuarto da casa estará dedicado a unha María galega. Así está o María Miramontes, Maruja Mayo, o María Casares e outro a Maruxa e Coralía e o quinto á miña avoa, María. Ademais tamén queremos traballar durante todo o ano en rede con outros proxectos culturais da zona e coñecer o territorio, á parte de traballar o tema da lingua porque fun desenvolvendo todo en galego.

-E como te vas adaptando ao lugar? Porque ti, aínda que o coñecías, levabas tempo sen vivir nel.

Estiven traballando por conta allea e propia noutros proxectos, cos que tiña que desprazarme diariamente. Mais teño claro que quero estar aquí, mesmo podo estar máis tempo coa crianza. É unha vía de poñer en valor tamén unha casa catalogada dentro do Plan Xeral de Patrimonio, o que lle dá un valor engadido.

-Como viches a acollida desde as instancias municipais?

Con quen manteño unha re-



lación máis fluída é co persoal de emprego, pois están atentos a axudas e todo tipo de documentación. Mais logo de desenvolver unha carreira profesional buscando liñas de axudas, pois teño certa facilidade coa parte administrativa, sempre co paraugas de Emprego. E foi o Concello o que cualificou este proxecto como Iniciativa Local de Emprego.

-E como ves a recepción por parte da veciñanza?

A media de idade dos meus veciños está entre os 75 e os 80 anos, si que pasan por alí, preguntan, e en principio están contentos, porque viven en

soidade. Que haxa xente nova polo lugar creo que lles axuda pois teñen máis compañía.

-De onde che viñeron máis apoios persoais?

Levar adiante unha idea como esta é nadar contracorrente. Meu pai sempre foi emprendedor, mais en xeral a xente bota as mans á cabeza, pois é un investimento potente. A familia si me dá apoios mais a execución física do proxecto é complicada.

-E a isto todo, sumarlle que es nai.

Si, teño un neno de catro anos, aínda así teño un colexio e comedor perto da casa, isto

facilitame algo as cousas, mais asumir todas as funcións que conleva a obra e as tarefas administrativas, require un traballo de vinte e catro horas.

-Animarías a máis mulleres facer o que estás facendo ti?

Por suposto que si. Estou arrodeada de mulleres con ideas, gañas e posibilidades. As vivendas turísticas é un mundo á parte, un turismo moi diferente, con establecementos que ademais de dar almorzo dinche a onde podes ir. Ademais, os e as veciñas poden ser clientes potenciais, o importante é que as aldeas cobren vida.

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓN DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Inicio dos traballos de humanización do Campus Sur que realizarán Concello e USC

O concelleiro de Mobilidade e Seguridade Cidadá, Gonzalo Muíños; e o responsable de Barrios e Obras, Javier Fernández, achegáronse hoxe ata o Campus Sur para ultimar os detalles do inicio dos traballos de humanización da zona, que levarán a cabo conxuntamente o Concello e a USC. Estiveron acompañados do xerente da Universidade, Javier Ferreira; e do responsable de Proxectos Institucionais, Xosé Antonio Rubal.

Entre as infraestruturas contempladas está a creación dunha senda segura, debidamente iluminada e sinalizada, que



Javier Fernández, Javier Ferreira, Xosé Antonio Rubal e Gonzalo Muíños.

terá un efecto disuasorio ante comportamentos que supoñan un perigo potencial. Está previsto que nas vindeiras semanas se acometan os primeiros traballos conxuntos deste pro-

xecto de humanización do Campus Sur, no que tamén están programadas podas de árbores e arranxo e substitución de mobiliario urbano deteriorado.

O Goberno local aproba a instalación dun radar fixo no paso inferior de Conxo

A Xunta de Goberno, aprobou unha modificación do contrato que o Concello mantén coa empresa xestora dos expedientes sancionadores de tráfico para substituír un radar móbil por outros radares fixos. Deste xeito, instalaranse estes radares no paso inferior do Hórreo e no Restollal.

Tal como indicou o alcalde, a intención do Goberno municipal é por en marcha canto antes o radar do paso inferior de Conxo na SC-20, unha vez se reciba a autorización do Ministerio de Fomento,

por ser unha vía da súa titularidade. Xosé Sánchez Bugallo lembrou que as probas realizadas pola Policía Local neste punto constatan que "case o 100% dos vehículos supera o límite de velocidade e unha porcentaxe moi alta supera os 80 Km/h".

En canto ao radar do Restollal, ao ser unha vía de titularidade municipal, apuntou que se porá en marcha canto antes. En ambos casos haberá un período de probas e anunciarase coa debida antelación antes de que comencen a funcionar.

"12 doces do outono" une un ano máis gastronomía e artes escénicas na rede de centros socioculturais

A Rede de Centros Socioculturais pon en marcha unha nova edición do programa 12 doces do outono, unha aposta pola programación familiar, que xunta as artes escénicas coa gastronomía propia da estación. As 12 actividades desenvolveranse en 12 centros socioculturais os domingos 27 de outubro e 3, 10 e 17 de novembro.

O concelleiro de Centros Socioculturais, Javier Fernández, presentou este martes o programa, nunha rolda de prensa na que estivo acompañada por Emi Candal, de Urdime (cooperativa encargada de deseñar o programa), e por Atenea García, Paula Carballeira e Xoán Curiel, tres dos artistas que participarán nos espectáculos.

O programa desenvolverase nos centros de Conxo, Romaño, Nemenzo, O Castiñeirío, A Rocha, Laraño, Fontiñas, Gri-

xoa, Vite, Santa Marta, Bornais e O Ensanche. Cada domingo, 12 doces do outono chegará a un centro en horario de mañá, ás 12:30 horas, e a outros dous en horario de tarde, ás 18:00 horas. A entrada será sempre de balde, ata completar aforo.

A primeira xornada dos 12 doces de outono, o 27 outubro, abrírase no Centro Sociocultural de Conxo con Fantoques Baj e a súa proposta Os romeiros do caracol. Pola tarde, Xoán Curiel e Charo Pita entreterán ás familias no CSC do Romaño co seu espectáculo Canta miña pedra canta. Á mesma hora, o LSC e Nemenzo acolle Contos para un mundo mellor, con Gloria Mosquera e Diego Maceiras.

O 4 de novembro, o espectáculo da mañá será no Centro Sociocultural do Castiñeirío, con Iseo A Moura e Se as árbores falarán. Pola tarde po-

deremos desfrutar no LSC da Rocha con Atenea García e a súa proposta Bichocas, e no LSC de Laraño con Marta Ortiz, que presenta Mulleres de sal.

Para o 10 de novembro está programado o espectáculo A ovella Engracia, con María Lado e Lucía Aldao, pola mañá no CSC das Fontiñas, mentres que Paula Carballeira estará pola tarde en Grixoa con O río da bruxa, ao tempo que Teatro Ghazafellos representa O país dos mandóns no CSC de Vite.

Por último, o domingo 17 de novembro, o Centro Sociocultural de Santa Marta acollerá pola mañá Cyclo, de El Callejón del Gato. En horario de tarde, no CSC de Bornais, Príncipes e princesas, de Os Contos de Pablísimo; e no CSC do Ensanche, A tortoise, un can, two monsters e un pícnic, con Pérez & Fdez.

Títeres, narración, música e



Presentación de "12 doces do outono"

teatro configuran unha programación que, en palabras de Emi Candal, responde a tres eixes temáticos: o coñecemento do patrimonio oral, o teatro reivindicativo do respecto ao medio ambiente e o compromiso coa igualdade.

Gastronomía de outono

O programa 12 doces do outono complétase coas degustacións de produtos propios desta época do ano, como

marmelo, castañas, cabazas... Os doces poden ser elaborados nos propios centros cívicos no marco de obradoiros de cociña, ou ser achegados polos propios veciños e veciñas dende as súas casas. O obxectivo é poñer en valor os produtos do outono, ao tempo que se xera unha maior interrelación entre as persoas que participan nas actividades, fundamentalmente entre os nenos e nenas.

O MAIOR CUME DO TALENTO

TALENTIA SUMMIT '19

Retando os límites do talento

#emprego

#formación

#mentorías

#certificacións

#tecnoloxía

SANTIAGO
DE COMPOSTELA

21 out 19

**Foro de conferencias
estratéxicas**

Auditorio de Galicia

22-23 out 19

**Feira e actividades
para potenciar o emprego**

Palacio de Congresos e Exposicións



talentiasummit.com

O Concello prepara unha ordenanza reguladora dos pisos de aluguer

O alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, acompañado da concelleira de Urbanismo, Mercedes Rosón; asistiron ao almorzo de traballo organizado por AGALIN, a Asociación Galega de Inmobiliarias. O rexedor sinalou que se está traballando para resolver os problemas derivados dos pisos destinados a aluguer turístico.

O presidente de AGALIN, Carlos Debasa, alertaba que a metade dos pisos dispoñibles para aluguer en Santiago estanse dedicando ao aluguer vacacional ou turístico. Isto provoca, segundo Debasa, un grave problema de oferta de



Encontro coa asociación.

aluguer tradicional e un incremento dos prezos.

Nesta diagnose coincidiu o alcalde, que o cualifica como un "problema grave para a cidade". Explicou Sánchez Bugallo que, para resolvelo, é preciso un marco normativo, no que xa se está traballando, co obxectivo de ter a finais de ano un borrador de orde-

nanza reguladora de pisos de aluguer.

O alcalde afirmou que tamén son necesarios medios para garantir que a normativa se cumpre, polo que agarda que no primeiro semestre do ano que vén poida haber un servizo de inspección contratado a través dunha asistencia técnica externa.

Os obradoiros da risa chegan neste outono a 11 parroquias do rural

Un novo ciclo de Obradoiros da risa dará comezo a vindeira semana nos centros socioculturais do rural. Desenvolveranse durante os meses de outubro e novembro en once parroquias de Compostela, creando un espazo de encontro e de diversión no que descubrir os beneficios da risa na saúde dende unha perspectiva de xénero. A participación é de balde.

Os Obradoiros da risa, que arrincarán o luns 7 de outubro, chegará a once parroquias: Vilvestro, Bornais, Laraño, Marantes, Busto, Grixoa, Enfesta, Lamascal, Lavacolla, Aríns, e Carballal. En cada centro hai programadas tres sesións de risoterapia dunha hora e trinta minutos.

Os obradoiros, impartidos por Cruz Dafonte, están aber-



Presentación do ciclo.

tos á participación de mulleres de calquera idade e son de balde. O período de inscrición está aberto e as interesadas poden achegarse a un dos centros socioculturais nos que se imparten ou formalizar a inscrición a través do correo electrónico mposeo@santiagodecompostela.gal. "Aínda quedan prazas dispoñibles, pero seguro que se van esgotar", apuntou a responsable a técnica María Pose.

Os Obradoiros da risa forman parte das accións de saúde e benestar do programa Rural en Igualdade e é a última das actividades programadas neste 2019. Con estes obradoiros finaliza unha programación anual que achegou ás parroquias diferentes recursos e actividades para as mulleres, como obradoiros de empoderamento, sesións de conversas "Mulleres que se encontran" e andainas polas parroquias.

Reparto de case 90.000 euros entre as asociacións veciñais

A Xunta de Goberno do Concello de Compostela, reunida en sesión extraordinaria, resolveu a convocatoria de subvencións ás asociacións veciñais 2019.

A esta convocatoria de subvencións veciñais presentáronse un total de 39 solicitudes, das que unicamente

foi rexeitada unha, por non cumprir coa finalidade fixada nas bases. As outras asociacións veciñais repartiránse un total de 89.766,79 euros. Os importes van dende un máximo de 3.000 euros ata os 512 euros, sempre en función do orzamento presentado polas entidades para as actividades previstas.

Aprobada a convocatoria das residencias de creación artística

A Xunta de Goberno aprobou o texto da convocatoria de residencias de creación artística e estadías técnicas para proxectos de artes escénicas para o curso 2019-2020.

A convocatoria deste curso volverá a ter como sede a Sala Agustín Magán, no CSC de Santa Marta, pero que a

intención do Goberno municipal é estendelas ao Centro Sociocultural do Romáño, unha vez que se dote á mesma dos elementos técnicos necesarios. Ademais, indicou que, no caso de Santa Marta, se vai intentar compatibilizar estas residencias coas necesidades veciñais para o centro sociocultural.

Presentación de

Cotodamina

4 de outubro
20:30 horas

Rafa Lobelle

Rosalía Fernández Rial
Antón Lopo

Chan da Pólvora Librería

Ecoloxistas, Afectados polas Infraestruturas e políticos alzan a súa voz en defensa da protección do medio ambiente na área metropolitana

As voces en defensa do medio ambiente na área metropolitana chegaron a María Pita. A alcaldesa, Inés Rey, e os concelleiros de Urbanismo e Medio Ambiente, Juan Díaz Villoslada e Esther Fontán, arrouparon coa súa presenza a lectura dun manifesto en defensa da ecoloxía na área metropolitana e en contra da destrución da área húmida da Gándara. As e os veciños afectados estiveron acompañados por representantes municipais da área metropolitana da Coruña, entre outros, o alcalde de Cambre, Óscar García Patiño, a primeira tenente de alcalde de Culledro, Guadalupe Pombo, o segundo tenente de alcalde de Carral, Pablo Couto, e parla-

mentaria socialista Begoña Rodríguez, así como as organizacións ecoloxistas Adega e Sociedade Galega de Historia Natural. Tamén asistiu o voceiro do grupo municipal do BNG, Francisco Jorquera.

A área húmida da Gándara constitúe, segundo o manifesto, un elemento estratéxico para o territorio pola súa achega ao espazo Rede Natura Encoro de Cecebre, á Reserva da Biosfera As Mariñas-Terras do Mandeo, á rede de infraestruturas verdes e alberga hábitats de interese comunitario prioritario e especies en perigo de extinción.

Por iso, o manifesto afonda na obriga dos poderes públicos de "velar e protexer os espazos naturais, así como crear do-

minios públicos como unha das técnicas máis efectivas de protección de certos tipos de bens e contornas".

Neste senso, os colectivos anunciaron a súa intención de apoiaren a campaña "Pensando global e actuando local" para presentar a candidatura de Greta Thunberg ao premio Princesa de Asturias á Concordia 2020 a través de change.org, como símbolo da necesidade de se involucrar individualmente e de lles esixir comportamentos responsables ás e aos gobernantes.

No ámbito das infraestruturas, denuncian "as innumerables modificacións que sufriu durante os últimos quince anos a Vía Ártabra ata chegar a ser un eixe ineficiente economicamen-



te, absurdo no social e desastroso no ambiental" e pídenlle á Xunta que recapacite e paralice o proxecto. "Aínda están a tempo de pararen unhas obras que supón unha agresión ambiental irreparable", sinalaron.

Explicaron que o trazado concentra o tráfico na AP-9, o que provocará o colapso desta autoestrada e a avenida de

Alfonso Molina, en lugar de distribuír o tráfico entre as diferentes alternativas de acceso á cidade herculina ou a outros municipios.

Para as veciñas e os veciños, a Vía Ártabra debe proseguir ata Arteixo, co fin de lles servir de nexo aos concellos da área metropolitana e evitar así que entren na Coruña.

O alumnado da Grande Obra de Atocha demanda melloras nun pleno infantil sobre mobilidade

No marco do programa das actividades pola Semana Europea da Mobilidade, realizouse unha saída en bicicleta co alumnado de 5º de Educación Primaria do CPR La Grande Obra de Atocha. Un grupo de 90 nenas e nenos recibiu unha charla sobre educación viaria e mobilidade sustentable e fixo un percorrido ciclista desde o Campo da Leña polo Paseo Marítimo, no que circularon polo carril bici. Xa no Obelisco, realizaron distintas actividades nos puntos de información da Semana Europea da Mobilidade, coma a da Unidade de Tráfico da Policía Local, onde foron agasallados coa placa identificativa do corpo e coas distintas ferramentas para a ordenación do tráfico.

O concelleiro de Mobilidade, Juan Manuel Díaz Villoslada, recibiu o alumnado



no Salón de Plenos do Pazo de María Pita e explicou o funcionamento das sesións do pleno municipal e convidounos a opinar sobre como ven a súa cidade e a facer propostas para evitar problemas coma a contaminación e os atascos. O alumnado puido converterse así en concelleiras e concelleiros e aproveitaron a ocasión para trasladar as súas suxestións e pedir máis bicicletas eléctricas, máis paradas de bus e máis carrís bici.

O Goberno local dá luz verde á modificación do PXOM para garantir os accesos á Intermodal

A Xunta de Goberno Local aprobou o pasado día 25 unha modificación puntual do Plan Xeral no polígono 029 A Sardiñeira, que abarca a zona situada entre a avenida da Sardiñeira e a de

Arteixo. Trátase do primeiro dos dous cambios urbanísticos necesarios para garantir os accesos de autobuses á Intermodal cun vial que comunicará ambas as avenidas.

A nova vía, pola que poderán circular coches e autobuses, servirá para reforzar os accesos ao tempo que favorecerá o tránsito de peóns e bicicletas nun carril exclusivo. Ademais, a actuación,



que ordenará a edificabilidade en tres bloques de vivendas con distintas alturas, recolle a construción dunha gran praza con espazos verdes. Deste xeito, o Concello afronta a súa parte no proxecto de construción da Intermodal: adaptar a normativa urbanística ao proxecto para garantir os accesos e realizar obras de urbanización da contorna que melloren a zona.

Goberno local e Marea Atlántica concretan os acordos acadados en xullo na primeira Comisión de Seguimento

Os voceiros dos grupos municipais do PSdGPSOE, José Manuel Lage, e da Marea Atlántica, María García, compareceron para dar conta da primeira xuntanza da Comisión de Seguimento do acordo subscrito o 3 de xullo polo que ambos os dous partidos se comprometeron a impulsar proxectos de progreso para a cidade. Lage Tuñas salientou a cordialidade coa que se desenvolveu a xuntanza, “Fixemos o imposible non só para que haxa un goberno progresista o 15 de xullo e para chegar a un acordo coa Marea Atlántica no mes de xullo, senón que camiñamos cara adiante, facemos avalia-

ción dos pasos dados e calendarizamos eses acordos. Esta xuntanza dá pé a que a partir da semana que vén comecemos a negociación do Orzamento”.

Lage insistiu en que este novo acordo “marca un camiño, o de que é posible o entendemento entre as forzas políticas de esquerdas. O que se está a facer na Coruña debe de servir de exemplo do que se pode facer noutros lugares. Aquí hai unha vontade manifesta de poñer por riba de todo os intereses da maioría da cidadanía.” Engadiu “Cando hai un goberno en minoría, o que corresponde é dialogar e buscar entendemento. Hoxe temos a primeira xuntanza coa Marea Atlántica

e nas vindeiras semanas teremos outra de seguimento co Bloque Nacionalista Galego. Estamos abertos a que calquera outro grupo poida sumarse ás políticas que estamos abordando. Iso é o que estamos facendo hoxe, intentando serlle útiles á cidadanía”.

O voceiro do Goberno local salientou que no próximo Pleno daranse os primeiros pasos na posta en marcha da Área Metropolitana para, posteriormente, trasladarlle o acordo á Xunta de Galicia e ao resto dos concellos implicados ao abeiro do artigo 122 da Lei da administración local de Galicia. Nesta xuntanza tamén se estableceron as liñas básicas do proxecto de



constitución dun operador enerxético 100%, a modificación puntual do PXOM para garantir a natureza pública dos terreos da Solana e a constitución da Comisión Especial para o Bordo Litoral.

Por outra banda, acordouse a aprobación da Ordenanza de

igualdade de xénero e o establecemento da gratuidade das escolas infantís municipais no curso escolar 2020-21. “Creo que é unha boa nova que o servizo educativo camiñe cara á gratuidade, xa que iso é conciliación e permite unha mellora para as familias”.

Inés Rey: “O diálogo e á colaboración para solventar problemas entre as administracións públicas”

Alcaldesa, Inés Rey, asegurou na presentación do libro “Padre Rubinos 2008-2019” que a asesoría xurídica do Concello xa está a estudar o expediente do pago de 700.000 euros reclamados pola Xunta en concepto de cofinanciamento das escolas infantís, e apelou ao diálogo e á colaboración “como mellor modo de solventar os problemas entre as administracións públicas”.

A rexedora emprazou ao Goberno autonómico a manter un “diálogo fluído”, pero non non debates radiofónicos. A Xunta, dixo, tamén ten pendentes algunhas prestaciónsco Goberno local que non foron reclamadas a través dun debate radiofónico nin por titulares de prensa..

Calificou de positivo o balance dos cen días do seu go-

bernó, destacando a recuperación do diálogo con outras administración. “A acollida do goberno foi boa e cen días son poucos para que se visibilicen os proxectos, unha vez que a cidade nos últimos anos estivo paralizada”, subliñou.

Padre Rubinos

A alcaldesa acudiu a presentación do libro “Padre Rubinos 2008-2019: la transformación de un referente social”, do xornalista Fernando Molezún, que pon en palabras o último decenio da entidade.

“Dicir Padre Rubinos nesta cidade non necesita acompañamento algún porque a institución está no maxín das e dos coruñeses con 100 anos de labor social de fondo e unha traxectoria que medra”, resaltou na presentación a alcaldesa que garantizou o



respaldo do Concello á entidade. Felicitou a Fernando Molezún por un libro “tan necesario como o traballo que se fai desde aquí”.

Hoxe a entidade, sinalou a rexedora, “é acubillo para novos públicos, pobres que como di Molezún e o presidente de Padre Rubinos, Eduardo Aceña tamén, nunca foron, veciñanza que tivo que acudir ao comedor, no caso do albergue, porque non lle quedou outra”.

Noutro lado, dixo, están a

cativada, “nenas e nenos que contan cunha infraestrutura de luxo para empezar a aprender e alimentar a súa imaxinación”. Proba de que o conxunto funciona está nas listas de espera, dixo.

Por iso, “o libro é tan necesario para que se saiba e a sociedade tome conciencia dos índices de pobreza, da eliminación da clase media que agora é baixa e está en risco”, resaltou nas súas palabras.

A Coruña acolle unha mostra de Red Eléctrica



Alcaldesa, Inés Rey, e o presidente de Red Eléctrica, Jordi Sevilla, asinaron un acordo para a instalación da mostra itinerante “Unha autoestrada detrás do enchufe. A electricidade da central á túa casa”, que explica de forma interactiva os procesos de xeración e subministración de enerxía eléctrica, así como o papel que xoga a persoa consumidora como centro da transición enerxética.

A mostra chega á cidade despois de recibir máis dun millón de visitas no seu paso por 10 cidades españolas.

De Francia ao Novo Entrimo

Todos os veráns no bar Novo Entrimo do Couto dáse cita a familia Cerqueira. Manuel rexenta o bar, Jesús vive en Ourense mentres que José vén de Francia onde vive desde hai 55 anos e trae con el ao seu fillo José que é francés de nacemento. Os demais son nativos de Lodeiros, Concello de Lobios. No local gozan durante o verán dos viños e tapas que prepara o parente e establecen contacto cos clientes



Familia Cerqueira.

habituais do establecemento. Na foto: Manuel, Tomás, Jesús e José.

Comidas para casa

Restaurante Casa Galega do Couto empezou a elaborar comidas para levar a domicilios, á vez que continúa ofrecendo menú do día e comidas á carta no seu establecemento de Ervedelo 83. Aquí tamén celebran vodas, prevodas, comunións, bautizos e aniversarios. Outra novidade desde este mes é que cando se celebran os partidos de fútbol da Unión Deportiva Ourense ofrece aos socios do club prezos especiais.



Casa Galega está preto do campo de fútbol do Couto.

Sabores de Ourense

O Concello de Ourense aprobou as bases da próxima edición do Concurso de pinchos Sabores de Ourense-Pinchos de Outono. Unha cita xa clásica de promoción da gastronomía ourensá, dedicada aos

seus produtos de temporada, que este ano se celebrará do día 7 ao 17 de novembro. Coincidirá así cunha festa emblemática da cidade, o San Martiño, "que desde este Concello queremos potenciar e promocionar como unha grande

celebración popular que sirva tamén como eixo de afluencia turística á nosa cidade", sinalou o concelleiro Miguel Caride, na rolda de prensa na que informou dos acordos aprobados da xunta de goberno local.



Esta será a 12 edición do concurso gastronómico.



Melloras nos centros educativos de Viveiro

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional acometeu traballos este verán en colexios e institutos do concello, todos concluídos agás unha actuación en Celeiro que está a piques de rematar. O delegado da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, visitou o CEIP Santa Rita, en Galdo, onde se fixeron reformas no patio infantil, no que se instalou pavimento de caucho nuns 130 metros cadrados de superficie da área de xogos. Balseiro salientou que esta actuación contribúe “a suavizar os impactos nas posibles caídas dos pequenos e pequenas”, ademais de minimizar charcos ou inundacións no caso de choiva, ao tratarse dun material poroso.

Esta medida forma parte do programa de reformas que



No CEIP Santa Rita, en Galdo, instalouse pavimento de caucho no patio infantil.

o Goberno galego desenvolve durante o verán nos centros educativos da provincia, explicou o delegado, quen sinalou que a Xunta “impulsa obras de gran envergadura e tamén iniciativas de menor entidade pero moi relevantes para garantir o bo estado e modernización das instalacións educativas”.

No caso de Viveiro, Balseiro destacou que este ano tamén se fixeron obras no

CEP Luís Tobío (melloras nos aseos); CEIP de Celeiro (cambio de portas no primeiro andar); IES María Sarmiento (substitución dunha caldeira); IES Vilar Ponte (cambio de ventás) e na EEI San Roque, onde se fixeron diferentes reformas, como a construción dun rocho na sala de caldeiras. Todos estes traballos están concluídos agás a actuación de Celeiro, que está a piques de finalizar.

A Xunta renova a cuberta da igrexa de Ortoá, en Sarria



As obras comezaron a primeiros de setembro.

A Consellería de Cultura e Turismo inviste máis de 33.000 euros nas obras de rehabilitación da cuberta da igrexa de Santa María de Ortoá, no Concello de Sarria. A intervención suporá a renovación total da cuberta da edificación, tanto da nave da igrexa como da sancristía, substituíndo na súa totalidade as lousas e o solado sobre o que se apoian. Tamén se procede ao desmonte da armazón de madeira, aproveitando os materiais en bo estado e substituíndo as vigas que presentan deterioro, acométese a preparación e limpeza de paramentos verticais por medios

manuais, para finalmente realizar a cuberta empregando lousa do país e madeira de castiñeiro.

O delegado da Xunta explicou que esta obra da resposta ás demandas dos veciños e veciñas da parroquia, que expresaron en primeira instancia a necesidade de reparar o teito para evitar o deterioro da igrexa. O templo está situado a 700 metros do lugar de Barreiros, no Camiño de Santiago, “o que fai se cabe máis necesaria esta actuación dado que o patrimonio cultural é un dos aspectos fundamentais que enriquecen a experiencia de percorrer as rutas xacobeas”, afirmou Balseiro.

O alcalde de Monforte participou no Pleno da FEMP

O alcalde de Monforte e presidente da Deputación de Lugo, participou no XII Pleno da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) que fixa as liñas de acción do municipalismo para este mandato, o período 2019-2023. A esta reunión, que se celebrou en IFEMA, Madrid, o alcalde acudiu acompañado da primeira tenente de alcalde, Gloria Prada.

Nesta XII Asemblea da FEMP, despois das eleccións locais de maio, veñen de renovar os órganos de goberno da entidade, que presidirá de novo o alcalde de Vigo, Abel Caballero. Na apertura do Pleno participou o ministro de Agricultura, Pesca,



Representantes de Lugo, Monforte, A Coruña e Carballada de Avia.

Alimentación e Política Territorial, Luis Planas, o presidente da FEMP, e o alcalde de Madrid, José Luis Martínez-Almeida, entre outras autoridades.

Durante a xornada, na que se acreditaron máis de 5.400 entidades locais de toda España, aprobáronse unhas 300 pro-

postas de resolución, entre as que destacan a negociación dun novo sistema de financiamento que trate en igualdade de condicións ás entidades locais e as comunidades autónomas, e a recuperación da autonomía local, sobre todo en materia económica para que con-

cellos e deputacións provinciais poidan investir libremente os recursos do superávit, así como a reforma da administración local e a reivindicación de que a transferencia de competencias aos gobernos locais por parte das comunidades autónomas vaian sempre acompañadas de dotación de financiamento.

O alcalde de Monforte, que asinou no Libro de Ouro da FEMP, destacou a importancia de participar neste Pleno da entidade porque “nel defínense as directrices que se desenvolverán neste mandato para contribuír á mellora do funcionamento das deputacións e dos municipios, e con elo, da calidade de vida da veciñanza”.

De feito, José Tomé entrará a formar parte nesta nova etapa da FEMP da Comisión de Deputacións, Cabildos e Consellos Insulares, na que, entre outras moitas iniciativas, impulsaranse medidas para definir o marco competencial das institucións provinciais, afondarase no debate sobre a participación dos gobernos locais no deseño, programación e execución dos fondos europeos, traballarase para articular a participación activa das entidades locais na elaboración por parte do Goberno dunha estratexia nacional fronte ao reto demográfico e reivindicarase un axeitado financiamento dos plans provinciais de cooperación.

As obras para a depuradora de augas residuais en Viveiro en licitación

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, e o delegado da Xunta, José Manuel Balseiro, destacou a licitación das obras de ampliación e mellora da depuradora de Viveiro, cuxo custe asumido pola Xunta, e cofinanciado co fondo europeo FEDER, rolda os catro millóns de euros. A conselleira presentou en rolda de prensa os detalles desta contratación, cuxa licitación foi axilizada ao máximo tras a súa aprobación onte no Consello da Xunta, tan só 15 días despois de que o Concello de Viveiro remitise a documentación pendente.

Unha actuación que ten como obxectivo ampliar a capacidade e mellorar o grado de depuración previo ao emisario de todas as augas residuais de Viveiro, incluídas as deste núcleo de Celeiro. Permitirá tratar a totalidade das augas residuais xeradas no



As obras comezarán no verán de 2020.

municipio, incorporando cunha nova conexión os procedentes da rede de Celeiro, que actualmente non van á depuradora. Á vez que se dará solución aos problemas detectados na actual depuradora, que xestiona o Concello, pois as deficiencias na súa conservación e mantemento fan que a capacidade de depuración real sexa menor da inicialmente prevista.

Burela e Foz melloraron as instalacións portuarias

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, contratou obras de mellora nas instalacións portuarias de Burela e Foz por un importe conxunto duns 57.800 euros. O delegado da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, explicou que en Burela está en execución unha actuación de reposición de portalóns metálicos e reparación da fachada dos departamentos situados detrás da antiga lonxa do porto, cun orzamento de 39.572 euros.

Está previsto reparar gretas e renovar o revestimento en departamentos interiores; pintar a fachada frontal e substituír os portalóns existentes, sete deles por portas metálicas de corredeira



Pantalán de Foz.

con acceso peonil; e outros dous por portas metálicas abatibles de dúas follas.

No caso de Foz xa remataron os traballos para facer un novo acceso ás instalacións náutico-deportivas. Proxectouse a dotación dun novo acceso dende a beirarrúa, a colocación dunha rampla con estrutura de aluminio, con porta de acceso, e a instalación dun tramo de pantalán de 6 metros por 2,50 de ancho. O orzamento é de 18.250 euros.

A gandería ecolóxica medrou en Lugo un 33 por cento

Máis de 60 gandeiros ecolóxicos de toda Galicia participaron nun encontro organizado polo Grupo Lactalis Iberia en Doade, no Concello de Sober. Trátase dun sector con gran crecemento e con potencialidade para seguir medrando e dinamizando o rural. O presidente da Deputación lembrou que Lugo é a provincia galega que máis terreo dedica á produción ecolóxica, con máis de 16.500 hectáreas, que supoñen o 49% do total galego.

“Este tipo de gandería adáptase aos consumidores que, cada vez máis conscientes e esixentes, queren produtos de calidade, respectuosos co medio ambiente e co benestar animal. A gandería ecolóxica, ademais de dar resposta a esta demanda, optimiza os recursos da zona e implanta unha xestión do territorio máis responsable”, dixo Tomé, que lembrou o papel da granxa Gayoso Castro como mostra do compromiso que ten a Deputación de Lugo co sector na provincia.



José Tomé Roca participou no encontro en Doade.

Segundo datos do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAE-GA), a facturación en 2018 da agricultura e da gandería ecolóxica creceu en Lugo un 33% chegando ata os 29 millóns de euros.

O presidente destacou tamén o traballo do Grupo Lactalis Iberia, que leva 20 anos apostando polo leite ecolóxico, colaborando con 77 gandeiros galegos e apoiando a reconversión, así como dos propios gandeiros, un dos sectores claves da provincia.

Polémica no San Froilán



Actividades deportivas previas ao San Froilán.

O grupo municipal do Partido Popular comunicoulle por escrito ao goberno bipartito de Lugo que se “desvincula do programa” das festas patronais de San Froilán e solicita que os tres edís do PP que participan na comisión de festas non “figuren como parte da organización”. “Non ten sentido que figuremos como parte da organización do programa de San Froilán, cando o BNG non tivo en consideración nin unha soa das máis de 25 propostas que lles presentamos. Todas elas caeron en saco roto”, lamentou o Partido Popular

nun comunicado.

Os nacionalistas- asegura o PP- só accederon a reunir a comisión de festas municipal para “aparentar” que o bipartito contou coa oposición á hora de organizar as patronais, que son festas de Interese Turístico Nacional. Sostén o PP que “non é ético elaborar o programa das patronais á marxe do partido maioritario da corporación” e lamentou que os nacionalistas practiquen un dobre discurso: “cando están na oposición queren ser escoitados, pero cando non están na oposición fan oídos xordos ás propostas doutros”.

Novas de empresa

Redacción

Centro de produción de ovas de troita en Baleira

A Consellería do Mar apoiou cunha achega de 193.700 euros as obras de modernización desenvolvidas no centro produtor da empresa Ovapiscis, emprazada no lugar de Fonteio, a escasos metros do nacemento do río Eo, no municipio lugués de Baleira. Esta achega, executada ao abeiro das axudas que a Xunta promove para investimentos produtivos en acuicultura, permitiu a adquisición de nova maquinaria e serviu para impulsar obras de adaptación e modernización das instalacións de produción de ova para caviar e venda. As melloras introducidas co apoio autonómico serviron tamén para reforzar un programa que garante a trazabilidade do produto ata que chega ao seu destino, permitindo determinar en todo momento o lote ou os lotes que compoñen unha expedición, a súa orixe, data de posta e fecundación, incidencias e condicións durante a incubación, selección, clasificación, embalaxe e transporte.

O delegado da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, destacou o apoio da Xunta que con-



Centro produtor Ovapiscis.

tribúe a consolidar o papel dunha compañía que lidera a produción de ovos de troita en Europa (da especie arco da vella) e que se sitúa como a segunda produtora no mundo.

Ovapiscis naceu no ano 1994 no seo dun grupo de produtores de troita, coa idea de dispoñer durante todo o ano de ovos de calidade e xenéticamente orientados a dar o mellor rendemento nos individuos de engorde.

Na actualidade, o 95% da produción desta compañía expórtase a máis de 22 países, entre eles China e Perú, malia que o seu principal consumidor e destinatario da produción é Irán.

Gallaecia Delicatesen comercializa carne de vacún selecta galega



A empresa xa exporta a Bélxica e a Francia.

A Consellería do Medio Rural apoiou cunha achega de 478.000 á empresa de nova creación Gallaecia Delicatesen que aposta pola comercialización de carne de vacún selecta de orixe galega. A axuda autonómica contribuíu á posta en marcha desta empresa, que apostou por instalarse no polígono Reboredo de Monforte de Lemos, onde aspira a xerar 25 postos de traballo directos (neste momento son 7 as persoas forman parte do cadro de

persoal) tras un investimento que supera os 1,6 millóns de euros.

“Esta empresa traballa con reses autóctonas selectas procedentes de pequenas explotacións gandeiras e dunha selección de matadoiros, todo isto, para marcar a diferenza pola calidade e a trazabilidade do produto”-dixo Balseiro delegado da Xunta en Lugo. A empresa naceu co obxectivo de cubrir unha demanda de produtos cárnicos e preparados a nivel nacional e internacional.

Xornadas saudables El Carmen

Do 11 ao 15 de setembro o equipo de Centro Médico O Carmen ofreceu a todos os ourensáns as “I Xornadas Saudables CMC”, que tiveron lugar en catro carpas na rúa Paseo de Ourense.

Profesionais propios e externos ofreceron conxuntamente a todas as persoas que o desexaron charlas, talleres, medicións de parámetros de saúde, revisións bucodentais e mesmo unha degustación saudable dun rico menú elaborado con todo o agarimo polos cocinheiros.

Participaron nestas actividades: Cruz Vermella, Beone, Axencia de Doazón de



Representantes das organizacións participantes.

Órganos e Sangue, Stop Accidentes, AFAOR, Axón, Centro Médico Progreso, ALCER, AODEM, AFFOU, Nenos, Auria. Tamén, as marcas Coren, Aceites Abril, Feiraco, Sousas e Galifresh.

A concelleira de Saúde do

Concello de Ourense, Eugenia Díaz, xunto a Carlos Rodríguez Morante (director adjunto de Centro Médico O Carmen) e Viky Salazar (nutricionista do mesmo hospital), fixo a honra de abrir oficialmente este evento.

Ribeira Sacra dispoñerá dun globo aerostático

A empresa Globosacra SL, con sede en Doade-Sober (Lugo) participada por Adegas Regina Viarum e Restaurante aCantina presentará o próximo día 5 de outubro un globo aerostático que empezará a prestar voos turísticos aéreos a partir da primavera do 2020.

A empresa ten previsto realizar a presentación na sede de Adegas Regina Viarum onde se ofrecerán viaxes inaugurais tanto a autoridades como asistentes. Trátase dun globo cativo, na súa primeira fase de lanzamento xa que no próximo

ano empezarán con voos libres en función dos estudos de ventos que se están levando a cabo desde fai nove meses.

Pretende esta empresa prestar un servizo moi demandado polos visitantes que será un complemento do Tren Turístico, Adegas Regina Viarum e Restaurante aCantina, xa que se poderán adquirir packs completos nun punto singular do turismo para a Ribeira Sacra,



O NOSO É MOITO, COMPARTAMOS A SÚA MAXIA.

A MAXIA DO NOSO

AXUDA A TODOS OS REPUNANTIÑOS QUE POIDAS ;)

Vivamos como galegos! **GADIS**

vivamoscomogalegos.com

Galicia

Redacción OURENSE

O programa Facendo Camiño na Residencia de Tempo Libre do Carballiño

Na residencia de Tempo Libre do Carballiño rematou a terceira e última quenda dos campamentos específicos para persoas con discapacidade que organizou a Consellería de Política Social. Participaron un total de 36 persoas con discapacidade intelectual con idades comprendidas entre os 11 e 40 anos. O programa, xestionado pola empresa Marexada e dirixido polo educador e actor Xabi López, comezou a principios de xullo e rematou en setembro. En cada quenda as e os participantes estiveron atendidos por un equipo técnico multidisciplinar formado por educadoras, terapeutas e profesionais das artes escénicas e do audiovisual.

O programa Facendo Camiño serviu coma ferramenta



Participantes da última quenda.

educativa e artística para favorecer a súa inclusión a través da realización de diversos obradoiros teatrais (expresión corporal, improvisación, atrezzo...) e da rodaxe de diversas pezas audiovisuais musicais en diferentes formatos (videoclip, lipdub, stop motion, flashmob...). Ademais completaron a súa estancia xogando

e coñecendo os arredores de O Carballiño e a súa estreita relación co Camiño, favorecendo así a súa inclusión plena na propia comunidade e cumprindo todos os obxectivos educativos, sociais e artísticos do programa. Segundo os seus monitores "esa é a base real do programa: facer camiño pola inclusión social a través das artes".

A Teixeira estuda futuros proxectos en colaboración coa Xunta



Marisol Borrajo, Marisol Díaz e Miguel Cid.

A delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Mouteira, recibiu no seu despacho ao alcalde do Concello ourensán de A Teixeira, Miguel Cid Álvarez e á empresaria Marisol Borrajo Lorenzo. Díaz Mouteira lembrou que nos últimos catro anos este municipio recibiu do Goberno galego achegas por un importe de preto de 600.000 euros. As conselleiras da Xunta concederon ao Concello da Teixeira máis de 330.000 euros en materia de subvencións; case 100.000 euros en convenios; e mais de 150.000 euros pertencentes a outras actuacións.

A representante do Goberno galego recordou que Administración autonómica desenvolveu ou puxo en marcha, durante estes pasados anos, a

mellora de infraestruturas turísticas, coa creación dunha ruta etnográfica, cultural e medicinal, e a posta en valor de sendeiros; mellora da eficiencia enerxética do alumeadado público; concesión dunha Casa do Maior, mellora de camiños municipais, rehabilitación de firme na estrada OU-903 ao seu paso polo concello, así como iniciativas relacionadas coa prevención e defensa contra os incendios forestais.

Finalmente, Díaz Mouteira fixo fincapé na importancia de continuar nesta nova etapa a colaboración institucional e brindoulle a Miguel Cid todo o apoio e diálogo da Administración autonómica para poder axilizar e desenvolver con éxito os proxectos municipais que benefician á veciñanza de A Teixeira.

O PSdeG denuncia os retrasos nas obras do Xestal de Ribadavia

O PSdeG-PSOE de Ribadavia reclámalle o alcalde que "deixe de agacharse e dea a cara" ante os retrasos e parálise que están a vivir as obras do campo de fútbol do Xestal. Unhas obras que foron adxudicadas o 14 de marzo, pero que non comezaron ata verán, prolongándose no tempo e que seguen sen estar finalizadas, co prexuízo que lle están causando os clubs de Ribadavia, que non dispoñen do estadio para poder adestrar e disputar os seus encontros.

Dende o Grupo Municipal Socialistas lembran, que o 23 de agosto xa saíran en prensa denunciando os retrasos das obras do campo de fútbol. Ante estas queixas, chegou resposta



por parte do grupo de goberno do Partido Popular, que informaba que "en 15 días as obras estarían rematadas para o inicio da tempada e que non había retrasos nas obras". Tamén apuntan dende o seno socialista que "por esas mesmas datas o alcalde convocou os grupos a unha xunta de voceiros para falar de temas de obras e precisamente das do campo de fútbol do Xestal, ex-

plicando que non había ningún tipo de retraso e as obras ían nos prazos establecidos e non tiña constancia de demora".

Os socialistas solicitan o arranxo de camiños

Os socialistas de Ribadavia levarán a pleno unha moción na que solicita a continuación do plan de arranxo de camiños e estradas no rural, que eles implantaran nos últimos 4 anos de mandato. Foi un plan que

permitiu executar obras en tódalas parroquias do rural do concello, achegando actuacións a tódolos núcleos e levando a cabo máis de 40 traballos en diversos camiños e estradas rurais. Os socialistas denuncian que "por primeira vez en 4 anos, este verán non se fixo nin unha soa actuación no rural, a pesar de que xa se aprobaron os orzamentos e de que o novo grupo de goberno leva

3 meses na Alcaldía, pero semella que o traballo e o proxecto de goberno non existe".

"Durante o noso mandato abríronse novos viais, melloráronse os existentes e facilitamos os accesos en caso de emerxencia ou para que a veciñanza puidese acceder mellor os seus terreos, pero parece que agora abandonouse por completo estas tarefas", explican os socialistas.

O Pereiro de Aguiar terá Centro de Información á Muller

A secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella, mantivo unha xuntanza co alcalde do Pereiro de Aguiar, Luis Menor, onde ambos acordaron dar inicio cos trámites de creación dun Centro de Información á Muller (CIM) neste concello ourensán. López Abella manifestou o apoio do Goberno galego a estes centros, que ano tras ano reciben unha parte moi importante da orde de axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade.

Esta decisión pon de novo en valor a importancia dos CIM e o seu papel como porta de entrada e apoio ás mulleres en situación de vulnerabilidade. Ademais esta iniciativa parte dos propios concellos, o que evidencia a necesidade da concienciación dos municipios na implantación deste tipo de centros.

A secretaria xeral destacou que os CIM fan un importante



Susana López Abella, terceira pola dereita, no Concello de Pereiro de Aguiar.

labor en atención especializada e asesoramento xurídico e psicolóxico en casos de violencia de xénero (denuncias, ordes de protección, ordes de afastamento...), xestión de aloxamento alternativo, tramitación de teléfono móbil de teleasistencia para as vítimas, xestión dos recursos necesarios nestes casos, apoio psicolóxico e colaboración con outros servizos de intervención en casos de violencia de xénero, como a Garda Civil,

casa de acollida, servizos públicos sanitarios ou xurídicos.

Luis Menor deu conta á titular de Igualdade do programa de sensibilización, información e difusión sobre Igualdade e prevención da Violencia contra as mulleres que se levará a cabo no concello durante estes últimos meses do ano. Concretamente son 9 accións destinadas aos nenos e nenas mais pequenos como á cidadanía en xeral.

Adif impulsa a vía Ourense Monforte



Estación de Renfe en Ourense.

O Consello de Ministros autorizou a Fomento a licitar, a través de Adif, a renovación total da catenaria da vía de Ourense a Monforte. Con iso nunha fase posterior, a ten-

sión pasará de 3 kV continuos a 25 kV en corrente alterna a 50 herzios. O valor máximo do contrato é de 20.315.871,14 euros, e conta cun prazo de execución de 20 meses.

O alcalde de Ourense co presidente da Cámara Municipal de Montalegre



Gonzalo Jácome co rexedor Orlando Alves.

O alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, mantivo un encontro co presidente da Cámara Municipal de Montalegre (Portugal), Orlando Alves, con motivo da celebración do evento etnográfico que cada venres 13 celébrase nesa localidade lusa, na que participaron contorna a 40.000 persoas.

Moitos dous visitantes procedían da provincia de Ourense e doutras zonas de Galicia e do país veciño. Gonzalo Jácome, que enmarca este tipo de visitas na estratexia de "tomar ideas para mellorar os eventos culturais e de atracción que

se podan levar a cabo na nosa cidade". Dese xeito, puxo en valor a recuperación de tradicións, xunto con outras actividades que logran conquistar que se incremente o número de visitantes nesa localidade lusa que se atopa moi perto da provincia de Ourense. E `por elo que para o rexedor ourensá son importantes este tipo de encontros, ca idea de avanzar na estruturación de novas iniciativas que teñen coma obxectivo claro a dinamización sociocultural e de lecer, ca mirada posta en ofertar eventos que se convirtn nun polo de atracción para os futuros visitantes.

Operativo de control das vendimas

Emilio González Afonso, subdelegado do Goberno, presidiu a xuntanza para a coordinación dos controis do transporte da uva. Asistiron responsables da Policía Nacional e Autonómica e da Garda Civil, así como representantes dos consellos reguladores das denominacións de orixe Ribeiro, Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei e a delegada da Xunta. Trátase de verificar o cumprimento da normativa europea, nacional e autonómica relativa ao transporte destes produtos vitivinícolas e establecer criterios de coordinación entre as distintas Administracións e consellos reguladores para o control de



Xuntanza na Delegación do Goberno en Ourense.

entrada de uva foránea.

Con todas estas medidas, que suporán un investimento de 180.000 euros, búscase "defender e garantir a calidade diferenciada dos viños galegos, dado que a nosa comunidade aposta por ser competitiva en

calidade e en darlle valor engadido aos nosos produtos", remarcou Díaz Mouteira, subliñando a importancia deste sector nunha provincia como a de Ourense que conta con catro das cinco denominacións de orixe existentes en Galicia.

Galicia

Redacción

O BNG participa como observador no xuízo ao líder curdo do HDP no Tribunal Europeo de Dereitos Humanos

A portavoz do BNG en Europa, Ana Miranda, participa como observadora na Delegación do Parlamento Europeo do xuízo sobre o encarceramento do líder Curdo do HDP turco, Selahattin Demirtas, en prisión preventiva desde novembro de 2016, que se celebra no Tribunal de Dereitos Humanos de Estrasburgo.

Miranda subliña que non foi respectada a inmunidade parlamentaria de Demirtas nin a representatividade que tiña como líder do HDP como partido turco que. é a terceira forza política co 13% dos votos. A portavoz mantivo un encontro co copresidente do HDP e diversas parlamentarias presentes na sesión, como Uca Felekbas, unha das líderes políticas referentes así como coa muller de Demirtas e os seus avogados.

O Bloque mantén unha re-



Ana Miranda co presidente e una deputada do HDP

lación fluída cos colectivos e partidos defensores da autodeterminación e dos dereitos humanos do Curdistán, como é o caso do Partido Democrático dos Pobos (HDP), e xa no marco da súa participación na Asemblea parlamentaria conxunta Unión Europea – Turquía en decembro de 2018, mantivo un encontro co avogado, o irmán e a muller do líder curdo encarcerado, ademais de participar de observadora internacional no

referéndum celebrado en Turquía no 2016.

Xa o ano pasado, o propio Tribunal de Dereitos Humanos de Estrasburgo pediu que Turquía puxera en liberdade ao copresidente deste partido curdo, ao considerar que a actitude de Turquía pon en perigo o sistema democrático vulnerando a liberdade de expresión e o pluralismo político con ataques e prisión para moitos electos do HDP, xornalistas e académicos.

O BNG insta ao Estado español a impulsar o cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias

No Día Europeo das Linguas, que impulsado polo Consello de Europa se celebra cada 26 de setembro, a portavoz do BNG en Europa, Ana Miranda, defende que o Estado español debe afondar no cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, que busca garantir a normalidade das linguas minorizadas.

Segundo a Carta, ratificada polo Estado español en 2001, o Estado ten que garantir o uso pleno do galego nos territorios onde é oficial ou está protexido polo estatuto en ámbitos como a sanidade, a

educación, a xustiza, a administración, as relacións sociais e económicas, a cultura e as relacións transfronteirizas.

O Bloque quere, unha vez máis, facer un chamamento sobre as deficiencias na aplicación da Carta ao respecto do galego no ensino, na sanidade ou nos medios de comunicación, por exemplo. “É contradictorio que o Consello de Europa busque fomentar o plurilingüismo coa conmemoración do Día Europeo das Linguas e que logo nos atopemos con problemas



á hora de desenvolver a vida en galego”, sinala Ana Miranda, para quen fomentar o plurilingüismo “ten que traducirse en poder desenvolver a vida en galego”.

A Deputación abre a inscrición para as “DEPORte Escolas” en 51 concellos

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, anunciou que o vindeiro luns 16 de setembro abrirase o prazo para inscribirse nas “DEPORte Escolas” 2019/2020, “o programa deportivo gratuito da institución, do que o ano pasado gozaron máis de 10.000 nenos e nenas, que permite este curso que en ata 51 concellos da provincia haxa escolas deportivas, en moitos casos, as únicas que hai nos concellos”.

“DEPORte Escolas” é o programa deportivo da Deputación de Pontevedra en colaboración e coordinación coas federacións deportivas para contribuír ao desenvolvemento e fomento da actividade deportiva de nenas e nenos en idade escolar.

Para este curso 2019/2020 os deportes que ofertará de



maneira totalmente gratuíta a Deputación son: atletismo, baloncesto, balonmán, fútbol, judo, loita, patinaxe, piragüismo, rugby e taekwondo. A actividade arrancará a partir do 7 de outubro.

A solicitude de inscrición deberá realizarse preferentemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Abre o prazo para participar na xornada "mercantilización do corpo das mulleres"



A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, xunto á deputada de Igualdade, Isaura Abelairas, presentou a xornada da Escola de Igualdade María Vinyals, que versará sobre a “Mercantilización do corpo das mulleres” e desenvolverase o 9 de outubro no Castelo de Soutomaior.

A actividade, que terá lugar durante todo o día contará coa presenza de mulleres expertas como Rosa Cobo, Ángeles Álvarez, Silvia Pérez e “Towanda Rebels”. As relatoras van analizar a mercantilización do corpo das mulleres nas súas diversas formas, a pornografía, a trata de mulleres e nenas, a prostitución ou os ventres de alugueiro.

O deporte provincial de máis alto nivel protagonista dunha gala na que o talento, a música e as emocións foron protagonistas

Máis de dúas centenas de deportistas da provincia de alto nivel, promesas do deporte, personalidades históricas desta disciplina, autoridades e público en xeral encheron os exteriores do Pazo provincial.

A presidenta da Deputación, acompañada das deputadas e dos deputados provinciais e de alcaldes, alcaldesas, concelleiros e concelleiras, da man do condutor e condutora do acto, Terio Carrera e Begoña Fernández, e co acompañamento musical de "Two Mirror" e a actuación das/os ximnastas rítmicas de "Treboada", participou activamente nun emotivo

acto no que se rendeu homenaxe a máis de 112 deportistas que acadaron a categoría DepoDan e a máis de 71 DepoPromesa, que reciben, deste xeito, apoio da institución provincial para participar en competicións deportivas.

Na Gala do Deporte de Élite atopábanse, entre outros, deportistas como Pablo Graña, Jenifer Casal, Tamara Echegoyen, Solange Pereira, Nico Rodríguez, Martín Wizner, José Antonio Saavedra, Pablo Dapena, Susana Alonso, Raquel Meaños, Rodrigo Conde, Carla Frieiro, Antonio Serrat, Pedro Ameneiro e Paloma e Paula González Esteban. Moitos e



moitas deles e delas tiveron a oportunidade de compartir as súas experiencias e vivencias. Outros e outras, como os piragüistas Rodrigo Germade, Teresa Portela, Antia Jácome, Sergio Vallejo ou Adrián Siero non

puideron estar presentes no acto por compromisos deportivos, en concreto por estar participando no Test Olímpico.

Ademais, no transcurso da Gala tamén participaron iconas do deporte pontevedrés como

Carlos Pérez (atleta nas Olimpíadas de México 1968), Franco Cobas e José Luis (remeiros en México 1968), así como, Álvaro Pino e Cristina Fernández. Tanto o ex ciclista, gañador da Volta Ciclista a España en 1986, como a ex árbitra internacional relataron experiencias da súa traxectoria deportiva e remarcaron a importancia do esforzo, do sacrificio e do traballo que hai detrás dos éxitos. Un esforzo "extra" para as mulleres, tal e como relatou Cristina Fernández, quen asegurou que "hai que loitar moito para chegar, pero tamén seguir loitando para manterse".

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA



A provincia
QUE QUERES
é sostible

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

www.depo.gal

Manrique Fernández, escritor, autor de “Os anxos indecisos”

«Somos as decisións que tomamos, e eu tratei de explorar ese terreo a través da literatura»

Oxornalista e escritor afincado en Ponteareas Manrique Fernández vén de publicar unha colección de relatos baixo o título «Os anxos indecisos». O libro,

editado por Galaxia, vai ser presentado o vindeiro día 5 de outubro na Sala Multiusos do Auditorio Municipal a partir das 20:00. Falamos co autor para achegarnos á súa obra.

Por Guillermo Rodríguez

– **¿Quen son eses “anxos indecisos”?**

– O título nace da cita inicial, do filósofo e pensador rumano Emil Ciorán, que recolle unha lenda de orixe gnóstica que explica que, cando se produciu unha guerra no Ceo entre os partidarios de Deus e de Luzbel, houbo un grupo de anxos que non tomaron partido por ningún dos dous bandos. Eses “anxos indecisos” foron relegados á Terra para que aquí tomasen a decisión que non adoptaran arriba, de maneira que os “anxos indecisos” somos todos e cada un de nós. Nesa idea está a orixe do libro.

– **Entón, ¿estamos a falar das decisións como fio condutor das nosas vidas...?**

– Exacto. Ás veces tomamos decisións que cremos irrele-

vantes e que acaban por ter unha repercusión enorme en nós, ou ao contrario, que consideramos que nos van cambiar a vida e, ao final, apenas nos afectan; noutras ocasións vémonos obrigados a tomar determinadas decisións, ou padecemos as consecuencias de decisións que toman outros... O caso é que, dalgunha maneira, somos as decisións que tomamos, e eu tratei de explorar ese campo a través da literatura e de sete relatos de ficción.

– **Son relatos de ficción, pero algúns deles están moi apegados á realidade, mesmo á actualidade social e política.**

– É certo. Facer ficción non sempre quere dicir liberar a fantasía. Neste caso, o que fago é ficcionar a realidade que me rodea e darlle a forma que a min me parece máis oportuna. Ao longo do libro tócanse temas ás veces duros, como o da inmigración, os malos tratos ás mulleres, a precariedade laboral, a violencia contra a infancia... E tamén outros máis xenéricos, como o abandono ou a soidade. Son temas que forman parte do mundo que nos rodea e que a min me preocupan especialmente. Por iso, os anxos que aparecen na portada

do libro non teñen ás nin prumas: teñen púas para se defender dunha sociedade que lles resulta hostil, que os agrede.

– **É o seu segundo libro de relatos, pero tamén publicou novela, teatro, biografía... ¿En que xénero se sente máis cómodo?**

– Considérome bastante flexible nese aspecto, pero á hora de enfocar un traballo é a propia idea inicial a que suxire o xénero que vou empregar, mesmo o estilo. Cada un deles ten as súas propias particularidades e, en función do tema elixido, decantareime por un ou outro. Os relatos breves danme máis marxe para determinados xogos de estilo, para empregar máis recursos narrativos, para cambiar de personaxes, de narradores, de escenarios... En definitiva: para xogar co propio relato. É unha maneira de sorprenden ao lector que, deste xeito, nunca sabe o que se vai atopar no conto seguinte.

– **Vostede é xornalista e no libro hai un relato que fala de xornalismo. ¿Hai que falar do que se coñece?**

– Resulta máis doado falar do coñecido pero, se non é o caso, para suplilo sempre está a documentación e tamén a imaxinación. Noutros relatos trátanse temas que eu non vivín en primeira persoa, pero que están aí e que me preocupan e, polo tanto, infórmome



e escribo sobre eles. De calquera xeito, ese relato en concreto foi unha especie de catarse contra un xeito de entender o xornalismo que eu considero nocivo para a miña profesión: a mercantilización da información, o sometemento a empresas poderosas, a grupos de presión, a partidos políticos, a ideoloxías... Nunca crín no xornalismo panfletario. A misión do xornalista é informar; para educar xa están os colexios.

– **Vostede coordinou para o Concello un ciclo de presentacións de libros, o “Venres D_Letras” que, de súpeto, desapareceu. ¿Non vai volver?**

– Non desapareceu, pero dende que se iniciou o ciclo sempre o suspendemos durante o verán, porque hai Feiras do Libro por moitos lugares dos arredores, a xente está de vacacións, hai moitísimas actividades culturais en Ponteareas...

Normalmente retomamos o ciclo coa chegada do outono. Este ano retrasáremolo un pouco pero, se non hai contraorde, vai ser retomado de cara a xaneiro.

– **¿Como ve vostede o futuro da literatura galega?**

– Moi prometedor. Hai unha morea de autores e, sobre todo, autoras novas, que lle están a dar un pulo enorme. Publícase moitísimo e moi variado e calquera lector pode atopar unha chea de libros galegos do seu interese, porque xa se están a tocar todos os xéneros e estilos e cunha calidade da que nos podemos sentir orgullosos. Non temos nada que envexarlle a ningunha outra literatura do mundo. O único que necesitamos é un pouco máis de confianza en nós mesmos. E tamén ampliar o número de lectores en galego, que segue a ser moi, moi baixo...

